



DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA : EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN : Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 804 100

<http://bop.depontevedra.es>

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES: Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 873 400

Depósito Legal: PO -1-1958

JUEVES 10 SEPTIEMBRE

AÑO 2009

Núm. 175

SUMARIO

ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO	<i>Pág.</i>	ADMINISTRACIÓN LOCAL	<i>Pág.</i>
MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN		Provincial	
<i>Tesorería General de la Seguridad Social</i>		Diputación Provincial.....	40
Unidad de Recaudación Ejecutiva 36/05	2	Municipal	
XUNTA DE GALICIA		Vigo.....	43
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR		Gondomar	77
SERVIZO RELACIÓNS LABORAIS		Recadación multas, concello Baiona	77
<i>Convenio Colectivo</i>		Recadación multas, concello Poio	79
Almacenistas de madera de Pontevedra	18	ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA	
<i>Revisión Salarial</i>		Tribunal Superior de Justicia de Galicia	
Interpretación do convenio colectivo del sector		Sala de lo Social	82
Almacenistas de madera de Pontevedra	32	Audiencia Provincial	
Festivos do convenio colectivo del sector		De Pontevedra	83
Almacenistas de madera de Pontevedra	33		
<i>Convenio Colectivo</i>			
Asociación Ciudadana de lucha contra la droga			
(ACLAD) Alborada	34		
<i>Revisión Salarial</i>			
Carpintería de Ribeira	39		

V I G O

EXPEDIENTE : 7266/411

ASUNTO: Resolución pola que se ordea a publicación no BOP de Pontevedra da documentación normativa do PXOM aprobada por Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras do 13.07.2009 (DOG nº 144, do 24.07.2009).

RESOLUCIÓN DO DELEGADO DA ÁREA DE URBANISMO E VIVENDA DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

- Mediante Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008, publicada no DOG nº 106 do 03.06.2008 aprobouse definitivamente, de forma parcial, ó abeiro do disposto no Art. 85.5.a) da LOUGA (L.9/2002), o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Vigo. A súa normativa foi integramente publicada no BOP de Pontevedra do 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento).
- A citada Orde deixou en suspenso as áreas, determinacións e documentos do Plan obxecto de reparos no seu punto II, en todo canto se referise ás deficiencias que alí se expresaban e ordenoulle a este Concello: «introducir nos documentos referidos anteriormente e naquéloutros non citados (como listaxes, gráficos ou cadros da memoria do PXOM) nos que resulte preciso para evitar contradicións, as modificacións necesarias para emendar as deficiencias que respecto deles se expresaron no punto II anterior. Unha vez corridos os citados documentos, e tras a súa aprobación polo concello, serán elevados a esta consellería para a súa aprobación definitiva e incorporación ao PXOM».
- As modificacións introducidas no PXOM para dar cumprimento ó ordenado pola CPTOPT foron recollidas no documento: «Anexo xustificativo do cumprimento das observacións formuladas pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia atendendo á Orde de 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación municipal de Vigo - Pontevedra»; documento que foi aprobado en sesión plenaria do 30.03.2009 e remitido a aquela Consellería mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia o 14.04.2009.
- O 15.07.2009 recibíuse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (Doc. nº 90105926) a Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, pola que se resolveu o seguinte:
PRIMEIRO.—Aprobar definitivamente o documento de cumprimentación da orde da CPTOPT de 16 de maio de 2008, sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo.
SEGUNDO.—De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello deberá proceder á publicación regulamentaria no Boletín Oficial da Provincia.
TERCEIRO.—Notifíquese esta Orde ao Concello e publíquese no Diario Oficial de Galicia».
- O Art. 92.2 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do Medio rural de Galicia (LOUGA), establece que o acordo de aprobación definitiva do planeamento deberá publicarse, no prazo dun mes desde a súa adopción, no DOG e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no BOP. No mesmo sentido, o Art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime

local (LRBRL) prevé que os acordos que adopten as Corporacións Locais se publican e notifican na forma prevista na lei e, polo tanto, precísase para a súa entrada en vigor a publicación da parte normativa do Plan Xeral no BOP da provincia de Pontevedra.

- A precitada Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia do 13.07.2009 foi xa publicada no DOG nº 144, do 24.07.2009 (pp. 12635-12637). Restaría unicamente por publicar, por tanto, no BOP o contido normativo do PXOM aprobado por esa Orde.
- Segundo o previsto no Art. 124.1.f) da LRBRL correspondería ó Alcalde – Presidente do Concello de Vigo a competencia para ordear a publicación dos acordos; competencia hoxe atribuída ó Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda en virtude do Decreto de delegacións da Alcaldía de data 31.03.08, publicado no BOP nº 78, do 23.04.2008.

Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO: En cumprimento do disposto nos Arts. 92.2 da LOUGA e 70.2 da LRBRL e no apartado segundo da Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia do 13.07.2009 (DOG nº 144, do 24.07.2009), ordear a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do documento: «NORMATIVA URBANÍSTICA E ORDENANZAS DO PXOM DE VIGO APROBADAS POR ORDE DO CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DO 13 DE XULLO DE 2009, APROBATORIA DO DOCUMENTO DE CUMPRIMENTO DA ORDE DA CONSELLEIRA DA CPTOPT DO 16 DE MAIO DE 2008, DE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PXOM DE VIGO, QUE COMPLEMENTAN E –PUNTUALMENTE- MODIFICAN ÁS PUBLICADAS NO BOP DE PONTEVEDRA NÚM. 151, DO 6 DE AGOSTO DE 2006».

SEGUNDO: Remitir a presente Resolución á Excma. Deputación de Pontevedra (Servizo de Publicacións do BOP) xunto co documento descrito no apartado anterior.

TERCEIRO: Informar que o contido completo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, definitivamente aprobado polas Ordes da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 e do Conselleiro da CMATI da Xunta de Galicia do 13.07.2009 está dispoñible e pode consultarse na páxina web do Concello de Vigo, no enderezo: <http://hoxe.vigo.org/urbanismo/pxom/>

CUARTO: Contra esta Resolución caberá interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o mesmo órgano que a ditou ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; prazos que se contarán a partir do día seguinte ó da súa publicación.

NORMATIVA URBANÍSTICA E ORDENANZAS DO PXOM DE VIGO APROBADAS POR ORDE DO CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS DO 13 DE XULLO DE 2009, APROBATORIA DO DOCUMENTO DE CUMPRIMENTO DA ORDE DA CONSELLEIRA DA CPTOPT DO 16 DE MAIO DE 2008, DE APROBACIÓN DEFINITIVA PARCIAL DO PXOM DE VIGO, QUE COMPLEMENTAN E –PUNTUALMENTE- MODIFICAN ÁS PUBLICADAS NO BOP DE PONTEVEDRA NÚM. 151 DO 6 DE AGOSTO DE 2006.

**MODIFICACIÓN AO TÍTULO IX
NORMAS PARTICULARES DO SOLO URBANO**

PRIMEIRA: Na Ordenanza tres “Edificación en couzada pechada”, engádeselle dous novos parágrafos 7 e 8 ao Artigo 9.3.11 “Altura da edificación”, coa redacción seguinte:

Art. 9.3.11 Altura da edificación

7. En determinados casos, debidamente xustificadas, nos que, por mor dunha mellor adaptación ó ambiente en aplicación do contido do Artigo 104 da Lei 9/2002, se considere conveniente propoñer solucións de ocultación de medianeiras de edificacións lindeiras, cando estas superen notablemente a altura fixada no Plan Xeral e xeran problemas estéticos, se poderán autorizar alturas superiores ás fixadas no punto 1 deste artigo que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin de un máximo de (11) plantas. Para elo, o Concello esixirá a presentación dun Estudo de Detalle que desenvolva a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta Ordenanza, con especificación de:

- Situación actual e entorno,
- Determinacións do Plan Xeral,
- Aproveitamento derivado da aplicación directa desta Ordenanza e das propostas presentadas.

A ordenación do aproveitamento non poderá supera-lo dereito edificatorio máximo que corresponda, é dicir, o que resultaría de aplicar as alturas establecidas no punto 1, polo que a ordenación do volume do edificio deberá optar por solucións nas que en unha ou mais plantas se reduza a ocupación. Non serán admitidas propostas que supoñan a creación de novas medianeiras.

O contido e determinacións do Estudo de Detalle suxeitarase ao disposto no Artigo 73 da Lei 9/2002.

8. Considérase como altura mínima aquela que teña dúas plantas ou seis metros menos que a altura máxima permitida.”

SEGUNDA: Na Ordenanza tres “Edificación en couzada pechada”, modifícase o primeiro parágrafo do Artigo 9.3.14 “Condições de ocupación da edificación”, que queda redactado nos seguintes termos:

Artigo 9.3.14 Condições de ocupación da edificación

1. A edificación deberá mante-lo fondo edificable definido no artigo 9.3.10 en tódalas plantas superiores á baixa. Coa única excepción das condicións particulares que puidesen aprobarse en aplicación do establecido no punto 7 do anterior Artigo 9.3.11.”

TERCEIRA: Na Ordenanza catro “Edificación en aliñación de rúa”, engádeselle un novo parágrafo 7 ao Artigo 9.4.10 “Altura da edificación”, coa redacción seguinte:

Art. 9.4.10 Altura da edificación

7. En determinados casos, debidamente xustificadas, nos que, por mor dunha mellor adaptación ó ambiente en aplicación do contido do Artigo 104 da Lei 9/2002, se considere conveniente propoñer solucións de ocultación de medianeiras de edificacións lindeiras, cando estas superan notablemente a altura fixada no Plan Xeral e xeran problemas estéticos, se poderán autorizar alturas superiores ás fixadas no punto 1 deste artigo que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin de un máximo de once (11) plantas. Para elo, o Concello, de oficio ou a instancia dos interesados, poderá esixir que se presente un Estudo de Detalle con propostas alternativas de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta Ordenanza, con especificación de:

- Situación actual e entorno,
- Determinacións do Plan Xeral,
- Aproveitamento derivado da aplicación directa desta Ordenanza e das propostas presentadas.

A ordenación do aproveitamento non poderá supera-lo dereito edificatorio máximo que corresponda, é dicir, o que resultaría de aplicar as alturas establecidas no punto 1, polo que a ordenación do volume do edificio deberá optar por solucións nas que en unha ou mais plantas se reduza a ocupación. Non serán admitidas propostas que supoñan a creación de novas medianeiras.

O contido e determinacións do Estudo de Detalle suxeitarase ao disposto no Artigo 73 da Lei 9/2002”.

CUARTA: Na Ordenanza catro “Edificación en aliñación de rúa”, modifícase o primeiro parágrafo do Artigo 9.4.13 “Condições de ocupación da edificación”, que queda redactado nos seguintes termos:

Art. 9.4.13 Condições de ocupación da edificación

1. A edificación deberá mante-lo fondo edificable definido no Artigo 9.4.9. en tódalas plantas superiores á baixa. Coa única excepción das condicións particulares que puidesen aprobarse en aplicación do establecido no punto 7 do anterior Artigo 9.4.10.”

QUINTA: Na Ordenanza 10 “Edificación residencial exterior”, engádeselle un novo parágrafo 1 ao Artigo 9.10.9 “Situacións particulares de parcelas existentes”, coa redacción seguinte:

Art. 9.10.9 Situacións particulares de parcelas existentes

1. Frontes de parcela: As parcelas existentes, con frontes de acceso inferiores ao mínimo esixido de tres (3) metros de lonxitude, para poder adquirir a condición de solar deberán reaxustar os seus límites mediante una normalización de predios que se tramitará de oficio, ou a instancia de parte, segundo se determina no Artigo 122 da Lei 9/2002”.

SEXTA: Na Ordenanza 16 “Áreas de ordenación pormenorizada”, modifícase o parágrafo 2 do Artigo 9.16.2 “Ámbito de aplicación e condicións xerais de ordenación”, que queda redactado nos seguintes termos:

Art. 9.16.2 Ámbito de aplicación e condicións xerais de ordenación

2. Aínda que se agrupan nunha soa Ordenanza, as particularidades propias de cada unha destas áreas –peculiaridades ás que se fixo referencia no art. 9.16.1- obrigan ó Plan a establecer ordenacións específicas pero uniformes para cada especie das mesmas, que son as contidas no Anexo a esta Ordenanza 16.

Esta forma, cada área de ordenación pormenorizada (A.O.P.) está regulada, con carácter xeral, por esta Ordenanza 16 e, especificamente, pola ordenación pormenorizada do Anexo antedito que corresponda segundo o listado seguinte:

AOP-01	PRIVADA MODERNA
AOP-02	VISTA ALEGRE
AOP-03	ROSALÍA DE CASTRO 1
AOP-04	CAMILO J. CELA (JACINTO BENAVENTE)
AOP-05	ESTACIÓN RENFE
AOP-06	FÁTIMA
AOP-07	JENARO DE LA FUENTE
AOP-08	FILIPINAS-COUTO
AOP-09	SAN GREGORIO
AOP-10	CASTRO-CASTRÍÑO
AOP-11	TOMÁS A. ALONSO 91-111
AOP-12	PASTORA
AOP-13	ARQUITECTO PALACIOS (FINCA DO CONDE)
AOP-14	CORUXO-COSTA
AOP-15	PORTO DE CANIDO (CANIDO-PORTO)
AOP-16	POVISA
AOP-17	AVDA. ATLÁNTIDA (SENSAT)
AOP-18	SUBIDA A COSTA (COLINA DE CASTRELOS)
AOP-19	APARCADOIRO CALVARIO
AOP-20	PITIEIRA
AOP-21	CORDELERÍAS MAR
AOP-22	UNIÓN CERVECERA
AOP-23	ROMIL
AOP-24	ROSALÍA CASTRO 2”.

MODIFICACIÓN AO TÍTULO X.—NORMAS DE ORDENACIÓN EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

SÉTIMA: No Capítulo 10.4 “Ordenanza NR de edificación”, modifícase o parágrafo 2 do Artigo 10.4.3 “Parcela edificable e condicións de edificación”, que queda redactado nos seguintes termos:

Art. 10.4.3 Parcela Edificable e condicións de edificación

2. Para efectos de novas reparcelacións, parcelacións e segregacións deberán respectarse as condicións requiridas nesta ordenanza, segundo o cadro seguinte:

Características nos núcleos consolidados:

Parcela mínima	Ocupación	Edificabilidade	Fronte de parcela
600 m ²	50%	0,50 m ² /m ²	16 m. Illada 10 m. Pareada

Graos e características nas extensións dos núcleos:

Grao	Parcela mínima	Ocupación	Edificabilidade	Fronte de parcela
2º	800 m ²	35%	0,40 m ² /m ²	20 m. Illada 12 m. Pareada

Na área de expansión do núcleo non se permitirán segregacións ou divisións de parcela antes da aprobación do plan especial, agás aquelas cuxa exclusiva finalidade sexa a regularización e configuración de parcelas lineais sempre e cando non impliquen un aumento ou modificación de máis do 5% da superficie das parcelas orixinais.”

OITAVA: No Capítulo 10.4 “Ordenanza NR de edificación”, suprimense catro parágrafos do Artigo 10.4.4. “Situacións particulares de parcelas existentes”, quedando definitivamente redactado nos seguintes termos:

Art. 10.4.4 Situacións particulares de parcelas existentes

- Frontes de parcela: As parcelas existentes que non cumpran as condicións xerais de fronte de parcela deberán dispor, alomenos, dun acceso de seis (6) metros desde un viario público.
- Parcelas edificadas: Para os efectos desta Ordenanza, serán consideradas como parcelas suficientemente documentadas as existentes que estean edificadas no momento da Aprobación Inicial do Plan Xeral, con parámetros de parcela inferior á mínima, e edificabilidade que non supere $1 \text{ m}^2/\text{m}^2$.”

NOVENA: No Capítulo 10.4 “Ordenanza NR de edificación”, modifícase o Artigo 10.4.5. “Recuados da edificación”, que queda redactado nos seguintes termos:

“Art. 10.4.5 Recuados da edificación

Os recuados da edificación en parcelas resultantes de nova parcelación serán como mínimo de tres (3) metros ós lindeiros laterais e fondo de parcela. Ó fronte de parcela será igual ou maior de catro (4) metros en Grao 1º e de tres (3) metros en Grao 2º.”

**MODIFICACIÓNS AO TÍTULO XII
NORMAS DE ORDENACIÓN DO SOLO RÚSTICO**

DÉCIMA: No Capítulo Preliminar “Disposicións xerais”, engádesse un novo Artigo 12.0.11 “Condicións xerais usos e edificacións existentes”, coa redacción seguinte:

Art. 12.0.11 Condicións xerais usos e edificacións existentes

Tódolos usos e edificacións existentes no momento da aprobación do Plan Xeral, no caso de non coincidir cos usos permitidos ou autorizables rexiranse polo disposto no Título II, capítulo 2.7 (Régime transitorio), Sección V (Régime das edificacións existentes) desta normativa, sen prexuízo do previsto nas Disposicións transitorias 4ª e 5ª da LOUG (Lei 9/2002).”

MODIFICACIÓNS AOS ANEXOS Á ORDENANZA 16:

UNDÉCIMA: Engádesse un novo ANEXO Nº 01 Á ORDENANZA 16: PRIVADA MODERNA, coa seguinte redacción:

“ANEXO Nº 1 Á ORDENANZA 16

PRIVADA MODERNA

ÍNDICE

- ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS
- ALIÑACIÓN E RASANTES
- VOOS E SAÍNTE
- DOTACIÓN PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)
- CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN
 - Ocupación
 - Aproveitamento
 - Altura
 - Altura de pisos
 - Usos
 - Condicións estéticas
- PLANOS DE ORDENACIÓN
 - Estado Actual e Determinacións do PXOM
 - Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións
 - Ordenación e Usos Pormenorizados

FICHA DE ORDENACIÓN DE ORDENANZA 16. AOP – 01

NOME: PRIVADA MODERNA
DISTRITO: 5
DELIMITACIÓN: Plano Adxunto

1. ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

- O ámbito de aplicación desta Ordenanza é a área delimitada nos planos de Ordenación Pormenorizada do Solo Urbano Consolidado coa Clave AOP-01.
- A tipoloxía edificatoria é a de edificación en couzada pechada, sen prexuízo das condicións específicas que se establecen nos planos de ordenación, para dar unha acaída resposta ás condicións do contorno e ós criterios e obxectivos formulados.

3. Establécese como Uso Característico, o Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.

4. É obxectivo desta Ordenanza definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme á mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

A presente ordenación propón a regularización dunha zona semi-interior de cuarteirón definido polas Rúas de Urzáiz, Alcalde Gregorio Espino, San Roque e Talude, co fin de formular o seu desenvolvemento e mellorar as condicións de permeabilidade existentes nestes momentos. A especificidade desta ordenación non permite a súa resolución por medio da aplicación das ordenanzas xenéricas do solo urbano consolidado, o que fai precisa a determinación desta AOP para a súa ordenación polo miúdo.

Os terreos deste ámbito contan obxectivamente coas condicións de solo urbano consolidado, posto que nel non son necesarios xa os procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana, ou obtención de dotación urbanística, con distribución equitativa de beneficios e cargas ao estaren o suficientemente equilibradas.

2. ALIÑACIÓN E RASANTES

As aliñacións da edificación principal corresponden coa Rúa de San Roque e disporanse conforme á localización definida nos planos de ordenación da presente AOP, para cada unha das parcelas e coa edificabilidade lucrativa que se expresa máis adiante.

3. VOOS E SAÍNTE

Sobre Rasante autorizaranse os voos e saínste regulados nos Capítulos 6.6 CONDICIÓN DE VOLUME E FORMA DOS EDIFICIOS e 9.3 ORDENANZA 3. EDIFICACIÓN EN CUARTEIRÓN PECHADO da Normativa Urbanística deste PXOM, exclusivamente á Rúa San Roque e non ao espazo libre interior.

4. DOTACIÓN PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)

Espazos Libres de Uso Público

A presente ordenación establece como espazos libres de uso público os sinalados no plano de Ordenación e Usos Pormenorizados da presente AOP, coa superficie que de seguido se establece, correspondente á parcela P.2.

Os accesos desde as rúas Urzáiz e Talude, que xa son de uso e dominio públicos, completaranse cun espazo libre de uso público de superficie (Parcela P.2 da Ordenación pormenorizada), no que se permitirán usos privativos no subsolo.

Coa solicitude de licenza de obras de edificación presentarase un proxecto complementario de obras ordinarias para o acondicionamento de todas estas zonas de uso público: escaleiras desde Urzáiz, acceso desde a rúa Talude, superficie da parcela P.2. e beirarrúas de San Roque.

Este Proxecto tramitarase conxuntamente coa licenza, sen considerarse un Proxecto de Urbanización integral.

ESPAZOS LIBRES DE DOMINIO E USO PÚBLICO: 96 m² escaleira, desde Urzáiz ESPAZOS LIBRES DE USO PÚBLICO DE SUPERFICIE: P.2: 438

Os espazos libres privados de uso público aparecen grafitados no plano 3.3 como US (uso de superficie).

5. CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

A. Ocupación

A ocupación máxima das parcelas será:

Parcela	Ocupación sobre rasante	Ocupación baixo rasante
P.1	100 % *	100%

* Deberá manter unha Pasaxe Interior Coutada dun ancho de dez (10) metros desde a Rúa San Roque.

B. Aproveitamento

Permitirase para os usos que se autorizan as seguintes edificabilidades máximas de usos lucrativos:

Parcela	Superficie	Edificabilidade Máxima
P.1	1.141 m ²	3.782 m ² c

C. Altura

- Número de Plantas Máximo
- P.1 Catro (4) Plantas desde o rasante da Rúa San Roque.
- Altura en metros:
- P.1 Altura Total quince (15) metros, desde o rasante da Rúa San Roque.

D. Altura de pisos

- A altura de libre plantas de pisos non será inferior a douscentos sesenta (260) centímetros.

E. Usos

- Uso Característico: Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.
- Categoría 2ª. Vivenda multifamiliar, ou colectiva, cando sobre unha única parcela se localizan varias vivendas nunha ou en varias edificacións, que dispoñen de acceso común e compartido desde o espazo público en condicións tales que lles poidesen ser de aplicación a Lei de Propiedade Horizontal.

2. Usos Compatibles

Serán os establecidos como compatibles no réxime de usos da ORDENANZA

3. EDIFICACIÓN EN CUARTEIRÓN PECHADO. En concreto no artigo 9.3.23.

3. Usos Prohibidos:

– Os restantes.

F. Condicións estéticas

As medianeiras que queden ó descuberto polo retranqueo da edificación trátaranse como a fachada e decoraranse cos mesmos materiais e características das fachadas existentes, ou con outros de suficiente calidade.

6. PLANOS DE ORDENACIÓN

Os seguintes:

- 1.— Estado Actual e Determinacións do PXOM
- 2.— Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións
- 3.— Ordenación e Usos Pormenorizados”.

DUODÉCIMA: Suprímese á referencia ao convenio, do ANEXO Nº 5 Á ORDENANZA 16: ESTACIÓN RENFE, e asemade, modifícase o parágrafo 2 do primeiro punto “Ámbito e características”, que queda redactado nos seguintes termos:

1. ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

2. O obxectivo desta Ordenanza é definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme a mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

A ordenación que se recolle ten como obxectivo básico acaer o sistema xeral ferroviario da actual Estación Ferroviaria de Urzáiz para a súa conversión en Estación Intermodal (modo de transporte ferroviario, modo de transporte colectivo por estrada, coa previsión da nova Estación de Autobuses de Vigo e previsión de aparcamentos públicos), axeitada para a chegada do AVE e, sobre todo a súa conversión en estación pasante, coa depresión de vías verbo da cota das vías actuais, necesaria para ese obxectivo e, ao tempo a previsión de usos comerciais e terciarios ligados á propia actividade ferroviaria.

Para o correcto funcionamento da intermodalidade e o correcto funcionamento das comunicacións, a ordenación da nova Estación tivo en conta as novas determinacións que en ámbitos de solo urbano non consolidado rodean aquí o sistema ferroviario (nomeadamente, os de Canadelo, Vía Norte, Beiras e Estación Intermodal)”.
DÉCIMO TERCEIRA: Engádesse un novo ANEXO Nº 09 Á ORDENANZA 16: SAN GREGORIO, coa seguinte redacción:

“ANEXO Nº 09 Á ORDENANZA 16:

SAN GREGORIO

ÍNDICE

- 1 ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS
- 2 ALIÑACIÓN E RASANTES
- 3 VOOS E SAÍNTE
- 4 DOTACIÓN PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)
- 5 CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN
 - A. Ocupación
 - B. Aproveitamento
 - C. Altura
 - D. Altura de pisos
 - E. Usos
- 6 PLANOS DE ORDENACIÓN
 1. Estado Actual e Determinacións do PXOM
 2. Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións
 3. Ordenación e Usos Pormenorizados

FICHA DE ORDENACIÓN DE ORDENANZA 16. AOP – 09

NOME: SAN GREGORIO
 DISTRITO: 3
 DELIMITACIÓN: Plano Adxunto
 SUPERFICIE ÁMBITO: 4.806 m²

1. ÁMBITO E CARACTERÍSTICAS

1. O ámbito de aplicación de esta Ordenanza é a área delimitada nos planos de Ordenación Pormenorizada do Solo Urbano Consolidado coa Clave AOP-09.

2. A tipoloxía edificatoria é a de edificación illada en bloques abertos, con ou sen patios de parcela pechados ou abertos, sen prexuízo das condicións de adosamento dos bloques que se establecen nos planos de ordenación, para dar unha acada resposta ás condicións do contorno conforme ós criterios e obxectivos formulados.

3. Se establece como Uso Característico, o Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.

4. O obxectivo desta Ordenanza é definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme á mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

O ámbito de aplicación desta ordenanza é un espazo de colisión entre usos industriais e residenciais inacabados que viña sendo considerada nos anteriores planeamentos como un solo urbano de uso industrial e que mesmo no vixente PXOU de 1993 estaba suxeito maioritariamente á aplicación da ordenanza 2.2.A de industria en cuarteirón pechado.

De acordo cos criterios xerais do PXOM, os usos industriais teñen que ir desaparecendo na medida do posible da Beiramar e ser substituídos por outros usos máis conformadores de cidade. Ao tempo, interesa “esponxar” a edificación con espazos libres nunha zona caracterizada polas fronteas continuas de edificación que imposibilitan a vista do mar, particularmente desde a rúa Tomás A. Alonso.

Coa ordenación proposta preténdese dar un remate acado ós tecidos edificados do contorno ó tempo de procurar a protección de vistas do mar desde a rúa Tomás Alonso, dispoñendo para elo un dos corpos de edificación previstos por debaixo da cota da dita rúa, de tal xeito que se posibilita a creación dun miradoiro nesta rúa que se conecta coa Avda. de Beiramar a través dun espazo público. A especificidade desta ordenación non permite a súa resolución por medio da aplicación das ordenanzas xenéricas do solo urbano consolidado, o que fai precisa a determinación desta AOP para a súa ordenación polo miúdo.

Os terreos deste ámbito contan obxectivamente coas condicións de solo urbano consolidado, posto que nel non son necesarios procesos integrais de urbanización, reforma interior, renovación urbana, ou obtención de dotación urbanística, con distribución equitativa de beneficios e cargas ao estaren o suficientemente equilibradas.

No ámbito desta AOP, incorpórase ó PXOM unha proposta de convenio coa finalidade de garantir a renuncia a unha licenza de construción dunha nave industrial que fora solicitada polos propietarios maioritarios do ámbito.

2. ALIÑACIÓN E RASANTES

Disporanse conforme a localización definida nos planos de ordenación da presente AOP, para cada unha das parcelas e coa edificabilidade lucrativa que se expresa máis adiante.

3. VOOS E SAÍNTE

Sobre Rasante autorízanse os voos e saínste regulados nos Capítulos 6.6 CONDICIÓN DE VOLUME E FORMA DOS EDIFICIOS e 9.3 ORDENANZA 3. EDIFICACIÓN EN CUARTEIRÓN PECHADO da Normativa Urbanística deste PXOM.

4. DOTACIÓN PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)

Espazos Libres de Uso Público

A presente ordenación establece como espazos libres de uso público os sinalados no plano de Ordenación e Usos Pormenorizados da presente AOP, coa superficie que de seguido se establece, correspondente ás parcelas 1 e 4:

ESPAZOS LIBRES DE DOMINIO E USO PÚBLICOS: 1.460 m²

(Correspóndese coas parcelas de ordenación P.1 e P.4, que serven para completar a urbanización).

Coa solicitude de licenza de obras de edificación presentarase un proxecto complementario de obras ordinarias para o acondicionamento de todas estas zonas de uso público. (parcelas P.1 e P.4 e espazos libres de uso de superficie).

Este Proxecto tramitarase conjuntamente coa licenza, sen considerarse un Proxecto de Urbanización integral.

ESPAZOS LIBRES PRIVADOS DE USO PÚBLICO EN SUPERFICIE: 546 m²

Os espazos libres privados de uso público aparecen grafitados no plano 3.3 como US (uso de superficie).

5. CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

A. Ocupación

A ocupación máxima das parcelas, será:

Parcela	Ocupación sobre rasante	Ocupación baixo rasante
P1	—	—
P2	80 %	100 %
P3	65 %	80 %
P4	—	—

B. Aproveitamento

Permitírase para os usos que se autorizan as seguintes edificabilidades máximas de usos lucrativos:

PARCELA	Superficie	Edificabilidade Máxima
P1	896 m ²	---
P2	1.932 m ²	4.893 m ² c*
P3	1.045 m ²	2.575 m ² c
P4	564 m ²	---
TOTAL	4.437 m ²	7.468 m ² c

* Os accesos poderán ser por planta porticada que neste caso non computará como edificabilidade.

C. Altura

– Número de Plantas Máximo:

P.2 Nove (9) Plantas.

Sobre rasante de Rúa San Gregorio e Tomás Alonso, só haberá seis (6) plantas.

P.3 Catro (4) Plantas desde o rasante da Avenida de Beiramar.

A edificación proxectarase con cuberta plana co obxectivo de non superar a altura máxima autorizada. Sobre esta só se poderán dispoñer os elementos necesarios para as instalacións do edificio.

– Altura en metros:

P.2 Altura Total 36,00 metros. Sobre Rúa San Gregorio só 21,00 metros.

P.3 Altura Total 13,00 metros, desde o rasante da Avenida de Beiramar.

D. Altura de pisos

– A altura de libre plantas de pisos non será inferior a douscentos sesenta (260) centímetros.

E. Usos

1. Uso Característico: Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.

– Categoría 2ª. Vivenda multifamiliar, ou colectiva, cando sobre unha única parcela se localizan varias vivendas nunha ou en varias edificacións, que dispoñen de acceso común e compartido desde o espazo público en condicións tales que lles puidese ser de aplicación a Lei de Propiedade Horizontal.

2. Usos Compatibles

Serán os establecidos como compatibles no réxime de usos da ORDENANZA

6. EDIFICACIÓN EN BLOQUES ABERTOS. En concreto no artigo 9.6.22.

3. Usos Prohibidos:

– Os restantes.

6. PLANOS DE ORDENACIÓN

Os seguintes:

1.— Estado Actual e Determinacións do PXOM

2.— Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións

3.— Ordenación e Usos Pormenorizados”.

DÉCIMO CUARTA: Engádesse un novo ANEXO Nº 10 Á ORDENANZA 16: CASTRO CASTRIÑO, coa seguinte redacción:

**“ANEXO Nº 10 Á ORDENANZA 16:
CASTRO CASTRIÑO
ÍNDICE**

1. ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN

2. ALIÑACIÓN E RASANTES

3. DOTACIÓN PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)

A. Espazos Libres de Uso Público

B. Dotación Equipamento Sociocultural

4. CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

A. Ocupación

B. Aproveitamento

C. Altura

D. Altura de pisos

E. Usos

5. PLANOS DE ORDENACIÓN

1.— Estado Actual e Determinacións do PXOM

2.— Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións

3.— Ordenación e Usos Pormenorizados

FICHA DE ORDENACIÓN DE ORDENANZA 16. AOP – 10

NOME: CASTRO CASTRIÑO

DISTRITO: 3

DELIMITACIÓN: Plano Adxunto

SUPERFICIE ÁMBITO: 2.775 m²

1. ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN

1. O ámbito de aplicación de esta Ordenanza é a área delimitada nos planos de Ordenación Pormenorizada do Solo Urbano Consolidado coa Clave AOP-10.

2. A tipoloxía edificatoria é a de edificación illada en bloques abertos, con ou sen patios de parcela pechados ou abertos

3. Se establece como Uso Característico, o Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.

4. O obxectivo de esta Ordenanza é definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme á mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

A presente AOP ten por obxecto acaer a ordenación pola proposta de convenio que se incorpora ao presente PXOM para a súa tramitación conxunta, ao disposto na normativa do plan respecto da ordenanza 16.

En esencia, a ordenación concertada ven dispor para a parcela do ámbito da presente AOP dunha ordenación semellante ao resto das parcelas que con ela conformaron a unidade de actuación de Castro Castriño, ficando daquela unha ordenación diferente por propia decisión da propiedade. Agora, en virtude do convenio se completa unha ordenación máis racional e, ao tempo, se reservan 1.519 m² como Espazos Libres públicos, como ampliación do parque existente. Se reserva tamén unha edificación de magnífica fábrica de pedra, de 360 m² para dotación sociocultural.

Doutra parte é preciso subliñar que os terreos deste ámbito contan obxectivamente coas condicións de solo urbano consolidado, posto que nel non son necesarios xa os procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana, ou obtención de dotación urbanística, con distribución equitativa de beneficios e cargas ao estaren o suficientemente equilibradas.

2. ALIÑACIÓN E RASANTES

Disporanse conforme a localización definida nos planos de ordenación. da presente AOP, para cada unha das parcelas e coa edificabilidade lucrativa que se expresa mais adiante.

3. DOTACIÓN PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)**A. Espazos Libres de Uso Público**

A presente ordenación establece como espazos libres de uso público os sinalados no plano de Ordenación e Usos Pormenorizados da presente AOP, coa situación e superficie que de seguido se establece:

PARCELA 1: 1.519 m²

Os espazos libres privados de uso público aparecen grafitados no plano 3.3 como US (uso de superficie).

B. Dotación Equipamento Sociocultural

A presente ordenación establece como Dotación local de equipamentos públicos a edificación existente na seguinte parcela, coa situación e superficie que de seguido se establece:

PARCELA 1: 209 m²

4. CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN**A. Ocupación**

A ocupación máxima das parcelas será:

Parcela	Ocupación sobre rasante	Ocupación baixo rasante
P.1	52 %	100%

B. Aproveitamento

Permitirase para os usos que se autorizan as seguintes edificabilidades máximas de usos lucrativos:

Parcela	Superficie	Edificabilidade Máxima	Expazo libre de uso público en superficie
P.2	790 m ²	3.500 m ²	394 m ²

C. Altura

– Número de Plantas Máximo Dez (10) plantas

– Altura en metros: Altura Total 36,00 metros

D. Altura de pisos

– A altura de libre plantas de pisos non será inferior a douscentos sesenta (260) centímetros.

E. Usos

O uso característico da presente Ordenación pormenorizada é o de Residencial

1. Uso Característico: Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.

Categoría 2ª. Vivenda multifamiliar, ou colectiva, cando sobre unha única parcela se localizan varias vivendas nunha ou en varias edificacións, que dispoñen de acceso común e compartido desde o espazo público en condicións tales que lles puidese ser de aplicación a Lei de Propiedade Horizontal.

2. Usos Compatibles:

Serán os establecidos como compatibles no réxime de usos da ORDENANZA 6.

3. Usos Prohibidos:

– Os restantes.

5. PLANOS DE ORDENACIÓN

Os seguintes:

1.— Estado Actual e Determinacións do PXOM

2.— Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións

3.— Ordenación e Usos Pormenorizados”.

5 PLANOS DE ORDENACIÓN

- 1.— Estado Actual e Determinacións do PXOM
- 2.— Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións
- 3.— Ordenación e Usos Pormenorizados
- 4.— Seccións do ámbito

FICHA DE ORDENACIÓN DE ORDENANZA 16. AOP - 14

NOME: CORUXO COSTA
 DISTRITO: 2
 DELIMITACIÓN: Plano Adxunto
 SUPERFICIE ÁMBITO: 3.050 m²

1. ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN

1. O ámbito de aplicación de esta Ordenanza é a área delimitada nos planos de Ordenación Pormenorizada do Solo Urbano Consolidado coa Clave AOP-14.

2. A tipoloxía edificatoria é a de edificación illada en bloques abertos, con ou sen patios de parcela pechados ou abertos, sen prexuízo das condicións de adosamento dos bloques que se establecen nos planos de ordenación, para dar unha acaída resposta ás condicións do contorno conforme ós criterios e obxectivos formulados.

3. Estabécese como Uso Característico, o Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.

4. É obxectivo desta Ordenanza definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme á mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

A presente AOP recolle a ordenación que para a parcela do seu ámbito se contén no Convenio que se propón incorporar ó PXOM e ven a dar solución a un vello problema entre a propiedade e o Concello de Vigo en razón dos cambios normativos operados na década dos 90.

A ordenación que agora se recolle parte da concepción de non sobrepasar a cota do terreo circundante; ofrecer unha imaxe atractiva no deseño do corpo edificado, utilizar diversas cotas para a edificación e resolver a dotación dos aparcamentos que por caso se lle demandan. Ó tempo se prevén, nun lugar donde non existe ningunha praza pública, 13 prazas de aparcamento e unha pequena, pero significativa parcela de espazos libres de dominio e uso público. Preténdese unha ordenación sobre unha escavación existente e as edificacións quedarán baixo a rasante das fincas colindantes, para o que se dispón que as cubertas serán planas.

Doutra parte, os terreos deste ámbito contan obxectivamente coas condicións de solo urbano consolidado, posto que nel non son necesarios xa os procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana, ou obtención de dotación urbanística, con distribución equitativa de beneficios e cargas ao estaren o suficientemente equilibradas.

2. ALIÑACIÓNS E RASANTES

Disporanse conforme a localización definida nos planos de ordenación da presente AOP, para cada unha das parcelas e coa edificabilidade lucrativa que se expresa máis adiante.

O espazo peonil, escaleiras, dun dos bordos poderá ter o carácter de aliñación.

3. DOTACIÓNS PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)

1A. Espazos Libres de Dominio e Uso Público

A presente ordenación establece como espazos libres de dominio e uso público os sinalados no plano de Ordenación e Usos Pormenorizados da presente AOP, superficie que de seguido se establece:

SUPERFICIE DE ESPAZO LIBRE PÚBLICO: 250 m²

(Correspóndese coa parcela P.2 do plano de ordenación da AOP, e se trata dunha ampliación, en talude, da beirarrúa da Rúa Canido)

Os espazos libres privados de uso público aparecen grafitados no plano 3.3 como US (uso de superficie).

Esta superficie será obxecto dun Proxecto de obras complementario ao Proxecto de edificación para a obtención da licencia.

4. CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN

A. Ocupación

A ocupación máxima das parcelas será:

Parcela	Ocupación sobre rasante	Ocupación baixo rasante
P.1	70 %	100%

B. Aproveitamento

Permitirase para os usos que se autorizan as seguintes edificabilidades máximas de usos lucrativos:

Parcela	Superficie	Edificabilidade Máxima
P.1	3.050 m ²	2.501 m ² *

* O obrigado escalonamento da edificación pode dar lugar a espazos ou terrazas que só computarán no caso de estar cubertas.

C. Altura

- Número de Plantas Máximo Catro (4) plantas
- Altura en metros 15,00 metros

D. Altura de pisos

- A altura de libre plantas de pisos non será inferior a douscentos sesenta (260) centímetros.

E. Usos

1. Uso Característico: Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.
 - Categoría 2ª. Vivenda multifamiliar, ou colectiva, cando sobre unha única parcela se localizan varias vivendas nunha ou en varias edificacións, que dispoñen de acceso común e compartido desde o espazo público en condicións tales que lles puidese ser de aplicación a Lei de Propiedade Horizontal.

2. Usos Compatibles

Serán os establecidos como compatibles no réxime de usos da ORDENANZA 6. EDIFICACIÓN EN BLOQUES ABIERTOS. En concreto no artigo 9.6.22

3. Usos Prohibidos:

- Os restantes.

F. Condicións de Cubertas

As cubertas da edificación serán planas, non admitíndose sobre elas mais elementos que os técnicos necesarios para o funcionamento da edificación.

5. PLANOS DE ORDENACIÓN

Os seguintes:

- 1.— Estado Actual e Determinacións do PXOM
- 2.— Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións
- 3.— Ordenación e Usos Pormenorizados.
- 4.— Seccións do ámbito”.

DÉCIMO SÉTIMA: Suprímese á referencia ao convenio, do ANEXO Nº 20 Á ORDENANZA 16: PITTEIRA, e asemade, modifícase o parágrafo 4 do primeiro punto “Ámbito, características e xustificación”, que queda redactado nos seguintes termos:

1. ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN

4. Es obxectivo de esta Ordenanza é definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme a mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

A presente ordenación propón o remate da fronte edificada na Avda. de Castrelos entre o Parque de Castrelos e a rúa Arquitecto Palacios cubrindo a medianeira hoxe existente.

A transferencia da Avenida Arquitecto Palacios (1.º Cinto de circunvalación) á titularidade municipal producida recentemente e a súa transformación nunha vía urbana posibilita hoxe que se poda dar un remate adecuado a esta peza urbana.

A especificidade desta ordenación non permite a súa resolución por medio da aplicación das ordenanzas xenéricas do solo urbano consolidado, o que fai precisa a determinación desta AOP para a súa ordenación polo miúdo.

Os terreos deste ámbito contan obxectivamente coas condicións de solo urbano consolidado, posto que nel non son necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana, ou obtención de dotación urbanística, con distribución equitativa de beneficios e cargas estar o suficientemente equilibradas”.

DÉCIMO OITAVA: Engádese un novo ANEXO Nº 21 Á ORDENANZA 16: CORDELERÍAS MAR, coa seguinte redacción:

**“ANEXO Nº 21 Á ORDENANZA 16:
CORDELERÍAS MAR
ÍNDICE**

- 1 ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN
- 2 ALIÑACIÓN E RASANTES
- 3 VOOS E SAÍNTES
- 4 DOTACIÓN PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)
 - A. Espazos Libres de Uso Público
- 5 CONDICIÓN DA EDIFICACIÓN
 - A. Ocupación
 - B. Aproveitamento
 - C. Altura
 - D. Usos
- 6 OBSERVACIÓN
- 7 PLANOS DE ORDENACIÓN

1. Estado Actual e Determinacións do PXOM
2. Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións
3. Ordenación e Usos Pormenorizados
4. Alzados e seccións (Indicativo)

FICHA DE ORDENACIÓN DE ORDENANZA 16. AOP - 21

NOME:	CORDELERÍAS MAR
DISTRITO:	4
DELIMITACIÓN:	Plano Adxunto
SUPERFICIE ÁMBITO:	7.227 m ²

1. ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN

1. O ámbito de aplicación de esta Ordenanza é a área delimitada nos planos de Ordenación Pormenorizada do Solo Urbano Consolidado coa Clave AOP-21.

2. A tipoloxía edificatoria é a de edificación entre medianeiras, sen prexuízo das condicións específicas que se establecen nos planos de ordenación, para dar unha acaída resposta ás condicións do contorno e ós criterios e obxectivos formulados.

3. Se establece como Uso Característico, o Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª, e como uso permitido o Terciario Xeral.

4. Es obxectivo de esta Ordenanza é definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme á mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

